FEDERACIÓN GALEGA
DE CONFRARÍAS DE PESCADORES
Rúa Palmeiras, nave 84 - A1 15895 Novo Milladoiro Ames (A Coruña)
Telf. 0034 981 94 17 75 - Fax. 0034 981 94 17 56
confrariasgalicia@confrariasgalicia.org - www.confrariasgalicia.org

ROLDA DE PRENSA

Ames, 25 de febreiro de 2016

Bos días a todos e todas....Gracias por asistir.

Acompáñanme o Presidente da Federación Provincial de Confrarías de A Coruña, a Vicepresidenta da Federación Provincial de Pontevedra, representantes do Consello Regulador do Mexillón e de outras asociacións de bateeiros, así como os representantes sindicais de CCOO, UGT e CIG.

Os pescadores, os mariscadores e mariscadoras temos distintas ideoloxías, outros considerámonos apartidarios e outros somos apolíticos… Pero todos e todas estamos moi preocupados polo noso medio de vida e polo noso futuro.

Invádenos un sentimento de abandono e estamos enfadados e indignados coa Xunta, coa Administración do Estado e coa Comunidade Europea, porque creemos que no nos defenden como merecemos, porque nos tratan con desigualdade e porque nos están arrastrando a unha morte segura coas súas políticas erróneas.

Todos sabemos que a pesca e a acuicultura son uns dos pilares socioeconómicos mais importantes de Galicia.

Contando cos sectores da transformación e da comercialización, xeramos emprego directo a unhas 38.000 persoas e creamos unha riqueza de 4.700 millóns de €.

A acuicultura, onde destacan as 3.300 bateas instaladas, con unha facturación que supera os 170 millóns de euros anuais e unha produción de mais de 246.000 Tn., da emprego a unhas 6.500 persoas.

Hai concellos e comarcas onde a dependencia da pesca e tal que chega a representar máis dun 20% do seu PIB.

FEDERACIÓN GALEGA
DE CONFRARÍAS DE PESCADORES
Rúa Palmeiras, nave 84 - A1 15895 Novo Milladoiro Ames (A Coruña)
Telf. 0034 981 94 17 75 - Fax. 0034 981 94 17 56
confrariasgalicia@confrariasgalicia.org - www.confrariasgalicia.org

Nun recente estudio do Instituto Galego de Estatística considérase que a actividade da pesca extractiva, o marisqueo e a acuicultura, así como a conserva e o conxelado xera máis dun 2,1% do PIB galego e da emprego a máis de 30.000 persoas.

Esta realidade do MAR de GALICIA e do seu peso na Economía contrasta co escaso peso que as Administracións Públicas lle dan ó sector do mar, especialmente ó pesqueiro extractivo, marisqueiro e acuícola.

Un exemplo de como non se deben facer as cousas é o intento da Xunta de Galicia de aprobar o Anteproxecto de Lei de Acuicultura, sen consenso co sector.

A súa retirada definitiva da exposición pública, anunciada pola Sra. Conselleira, foi unha conquista da unidade do sector.

Pero este anuncio non é suficiente para desconvocar a manifestación do sábado xa que as reivindicacións que nos levan a exercer o noso dereito a manifestarnos, e insisto, dunha forma pacífica, van mais alá da retirada da lei de Acuicultura.

Podería referirme:

1. A revisión do obsoleto e inxusto modelo europeo de TACs e cuotas.
2. A exclusión da pesca accidental deste sistema.
3. A unha maior defensa do sector pesqueiro artesanal.
4. Solucións a contaminación, á mortaldade e á rexeneración de zonas improdutivas nas nosas rías.
5. Criticamos á Consellería do Mar pola falla de recoñecemento e apoio as propostas das Confrarías.
6. Queixámonos do funcionamento das Administracións Galega e do Estado pola excesiva e complexa normativa reguladora, da escasa

FEDERACIÓN GALEGA
DE CONFRARÍAS DE PESCADORES
Rúa Palmeiras, nave 84 - A1 15895 Novo Milladoiro Ames (A Coruña)
Telf. 0034 981 94 17 75 - Fax. 0034 981 94 17 56
confrariasgalicia@confrariasgalicia.org - www.confrariasgalicia.org

capacidade de resolver os conflitos e falta de apoio dos gobernantes e políticos españois na U.E. (lexislar sen coñecemento algún da actividade pesqueira desenvolvida en Galicia).

7. Avanzar no coñecemento das mareas vermellas.
8. A defensa dos produtos galegos, da súa identificación e etiquetaxe para evitar enganar os consumidores.
9. Queremos un cambio de rumbo: a política dos desgüaces e a falla de alternativas de futuro impide a renovación e a implicación das novas xeracións, tan importante para o asentamento da poboación. Queremos seguir vivindo do mar con un salario digno.

TODO ESTO, e mais, e polo que a Xunta Xeral da Federación Galega de Confrarías acordou convocar unha Manifestación o sábado 27 de febreiro, "A prol do sector do Mar" e "en defensa do sector do Mar", polas Rúas de Santiago de Compostela e que arrancará ás 11:30 horas da Alameda, transcorrerá polas Rúas: Senra, Doutor Teixeiro, República Arxentina, O Hórreo, As Orfas, Cantón do Toural, Rúa Nova, Fonseca, Rúa do Franco e rematará na praza do Obradoiro onde se lerá un manifesto.

Esperamos que sexa concorrida, que todo transcorra con absoluta normalidade, sempre mantendo o bo orde e dunha forma totalmente pacífica.